



PLAN E NORMAS ELECTORAIS CONFRARIA DE MUXIA ELECCIONS ORGANOS DE GOBERNO 2022

1º NORMATIVA LEGAL

O seguinte plan e normas electorais corresponden ás eleccións para a renovación dos órganos de goberno da Confraría de Pescadores de Muxía, de acordo co Decreto 8/2014, 16 de xaneiro, polo que se aproban as normas reguladoras das Confrarías de Pescadores de Galicia e as súas Federacións.

O plan e as normas electorais foron elaborados pola comisión electoral.

Durante o proceso electoral **os órganos reitores estarán en funcións**, podendo realizar, unicamente, actos de mero trámite ou de xestión ordinaria, concluíndo os seus mandatos coa toma de posesión dos vogais electos.

ELECCIONS O.G. 2022 COEFICIENTES D'HONT								
COLECTIVO TRABALLADORES								
		1	2	3	4	5	6	7
P.Altura/G.Alt	70	70,00	35,00	23,33	17,50			
P.Baixura/A.M.	14	14,00	7,00	4,67	3,50			
RREE Percebe	48	48,00	24,00	16,00	12,00			
RREE Solenidos	2	2,00	1,00	0,67	0,50			
Subtotal	134							
COLECTIVO EMPRESARIOS								
		1	2	3	4	5	6	7
P.Altura/G.Alt	11	11,00	5,50	3,67	2,75			
P.Baixura/A.M.	5	5,00	2,50	1,67	1,25			
RREE Percebe	10	10,00	5,00	3,33	2,50			
RREE Solenidos	2	2,00	1,00	0,67	0,50			
Subtotal	28							
TOTALES – COMPOSICIÓN ORGANOS DE GOBERNO								
	CENSO	%	X.XERAL	CABIDO				
P.Altura/G.Alt	81	50,00%	8	4				
P.Baixura/A.M.	19	11,72%	2	1				
RREE Percebe	58	35,80%	6	3				
RREE Solenidos	4	2,46%	0	0				
SUBTOTAL	162	100,00%	16	8				



**2º XUNTA XERAL**

Na actualidade, a Confraría de Pescadores de Muxía conta cun total de **162** afiliados, por tanto, de acordo co artigo 23.3 do Decreto 8/2014, a xunta xeral estará composta por **16** vogais.

Tendo en conta o principio de paridade, dos **16** vogais da xunta xeral, **8** vogais corresponden á agrupación de traballadores e **8** á agrupación de empresarios, debendo distribuírse en cada agrupación os representantes de conformidade cos sectores de produción que se sinalan a continuación:

Agrupación	Censo Total	%	Empresarios		Traballadores	
			Censo	Vocais	Censo	Vocais
P.Altura/G.Altura	81	50,00%	11	4	70	4
P.Baixura/A.Menores	19	11,72%	5	1	14	1
R.E.Percebe	58	35,80%	10	3	48	3
R.E.Solénidos	4	2,46%	20	0	2	0
Total Xeral	162	100%	28	8	134	8

3º CABIDO

De acordo co disposto no *artigo 29.3 do Decreto 8/2014*, o cabido estará formado por 8 vogais (incluídos os vicepatróns maiores primeiro e segundo) e a súa composición será paritaria nos mesmos termos previstos para a xunta xeral. O número de vogais que corresponde a cada sector é o seguinte:

Agrupación	Censo Total	%	Empresarios		Traballadores	
			Censo	Vocais	Censo	Vocais
Altura	81	50,00%	11	2	70	2
Baixura	19	11,72%	5	1	14	0
R.E.Percebe	58	35,80%	10	1	48	2
R.E.Solénidos	4	2,46%	2	0	2	0
Total Xeral	162	100%	28	4	134	4





4º NORMAS ELECTORAIS

NORMA 1ª. ELECCIÓN

As normas recollidas a continuación serán de aplicación ás eleccións aos órganos de goberno da Confraría de Pescadores Muxía.

NORMA 2ª. ELECTORES

Poderán **SER ELECTORES** as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser membro da confraría e estar incluído no censo electoral.
- Ter cumpridos os 18 anos o día no que se celebren as votacións
- Non estar inhabilitado para o exercicio dese dereito por norma legal, estatutaria ou resolución firme de órgano competente.

Son **DEREITOS** dos electores:

- Presentar a súa candidatura, cando concorran as circunstancias esixidas para ser elixible.
- Intervir nas actividades de propaganda para as que estean legalmente habilitados.
- Exercitar reclamacións e recursos de acordo co establecido no *Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro*

NORMA 3ª. ELIXIBLES

Ademais de reunir a condición de elector, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditar no período inmediato anterior á convocatoria un mínimo de dous anos de antigüidade e actividade profesional na confraría, estando ó día no pagamento das obrigas económicas con esta. Non obstante, o requisito de antigüidade non se esixirá cando o número de candidatos non sexa suficiente para cubrir as prazas de vocais da xunta xeral.
- Non estar inhabilitado para o exercicio de cargo representativo por norma legal, estatutaria ou resolución firme do órgano competente.
- Ser proclamado candidato.





Así mesmo, son **INELIXIBLES**:

- Os que carezan de título administrativo habilitante para o exercicio da actividade extractiva.
- Os que se atopen en situación de xubilación, agás xubilación parcial ou flexible (*artigo. 80.4b do Decreto 8/2014*)
- NON estar o Corrente de Pago das Obrigas Económicas coa Confraría.

A cualificación de inelixible procederá, respecto dos que incorran nalgunha das causas indicadas, o mesmo día da presentación da candidatura ou en calquera momento posterior ata a celebración das eleccións.

Son **DEREITOS** dos candidatos, ademais dos que lles correspondan como electores:

- Ter a súa disposición o censo electoral, que deberá estar exposto no taboleiro de anuncios da confraría (*artigo 14.8 da Orde 29.04.2014*)
- Realizar operacións de propaganda autorizadas, de conformidade co principio de igualdade de oportunidades.
- Exercitar as demais facultades que en relación coas operacións electorais lles correspondan ou recoñezan os estatutos ou normas regulamentarias aplicables en cada caso.

NORMA 4ª. PLAN, NORMAS E CENSO ELECTORAL

O **secretario da comisión** electoral exporá no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores o plan e as normas electorais durante todo o proceso electoral, retirándoos cando tome posesión a totalidade dos membros dos órganos de goberno da confraría. (*artigo 96 do Decreto 8/2014*)

A comisión electoral exporá no taboleiro de anuncios da confraría, por un período **oito días**, o censo de afiliados. Durante ese prazo, os afiliados poderán efectuar reclamacións sobre a súa inclusión ou exclusión. Este período abrangue dende o **10 de Setembro ata o 16 de Setembro, ambos inclusive**.

A **comisión electoral** resolverá as reclamacións no prazo de dous días contados desde a finalización do período de exposición ó público do censo. Contra a resolución das reclamacións poderá **interpoñerse recurso ante a Xunta Electoral da Consellería do Mar**, nun prazo de dous días naturais a partir da notificación. Unha vez resoltas no prazo máximo de cinco días as reclamacións en vía administrativa, o censo de afiliados converterase en censo electoral, sen que nun momento posterior se poida impugnar este censo.





NORMA 5ª. DA COMISIÓN ELECTORAL

- A **COMISIÓN ELECTORAL** estará formada por un presidente, tres vogais e polo secretario da confraría. Os vogais serán designados pola xunta xeral de entre os seus membros, dous por agrupación, debendo designar o mesmo número de suplentes. En caso de empate, o voto do presidente será dirimente.
- **Non** poderán formar parte da comisión electoral os membros da xunta xeral que se presenten como candidatos. A aceptación da condición de membro da comisión electoral implica a renuncia a formar parte das candidaturas.
- A comisión electoral desempeñará as competencias atribuídas no *artigo 88 do Decreto 8/2014, 16 de xaneiro*.
- Para a **válida constitución** da mesma será preciso a asistencia da metade máis un dos membros.
- Os **acordos** tomaranse por maioría dos membros presentes.
- O **secretario** da comisión electoral levantará acta de cada unha das sesións.

NORMA 6ª. CONFECCIÓN DE CANDIDATURAS

As **CANDIDATURAS** presentaranse ante a comisión electoral dentro dos sete días naturais seguintes á publicación do censo electoral definitivo. E dicir dende o **28 de Setembro ata o 4 de Outubro do 2022**.

As **CANDIDATURAS** para vocal da xunta xeral **SON INDIVIDUAIS** para efectos de votación e escrutinio.

O escrito de presentación de **CADA CANDIDATO** deberá expresar claramente o sector de produción da agrupación, indicando o seu nome, apelidos e DNI. Utilizarase o modelo aprobado pola Consellería do MAR.



**NORMA 7ª. PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS**

Serán proclamados candidatos a vogais da xunta xeral os elixibles que o soliciten expresamente e cumbran cos requisitos esixidos.

Rematado o prazo de presentación de candidaturas, a **comisión electoral** publicaraas no taboleiro de anuncios da confraría e comprobará, no prazo de dous días naturais, o cumprimento dos requisitos para a súa proclamación. A comisión comunicará ós candidatos as irregularidades detectadas, concedendo un prazo de dous días para a súa emenda.

Recibidas as alegacións, a comisión resolverá sobre elas no prazo de dous días naturais.

Resoltas as alegacións, a **comisión electoral** procederá á proclamación de candidatos. As candidaturas proclamadas serán expostas no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores.

No prazo de tres días naturais dende a proclamación provisional de candidatos, poderase interpoñer recurso contra o acordo da comisión electoral ante a Consellería do Mar, que resolverá no prazo de cinco días. A partir da **proclamación definitiva de candidatos**, comezará a campaña electoral que rematará ás cero horas do día **28 de Outubro**, xornada de reflexión.

Se o número de candidatos presentados coincidise co número de membros que hai que elixir non será necesario proceder á elección, sendo proclamados pola comisión electoral membros da xunta xeral.

DE NON PRESENTARSE CANDIDATOS, declararase elixibles a tódolos membros incluídos no censo electoral que cumbran cos requisitos establecidos na Norma Nº 3 deste procedemento.



**NORMA 8ª. COBERTURA DE VACANTES**

As vacantes que se produzan serán cubertas pola persoa da mesma agrupación que siga en número de votos e así sucesivamente. En caso de empate, se resolverá a favor do candidato de maior antigüidade na confraría; no caso de persistir este, a favor do de maior idade e, se fose necesario, resolverase por sorteo.

NORMA 9ª. MESA ELECTORAL

A **COMISIÓN ELECTORAL** designará ós compoñentes da mesa electoral e ós suplentes e notificaralles a designación, que deberá ser aceptada por escrito.

A **MESA** estará formada por un presidente e catro membros, dos que dous serán os traballadores de maior e menor idade do censo, e os outros dous, os armadores que reúnan iguais características, mailo secretario dos órganos de goberno da confraría. Así mesmo, designaranse dous suplentes por cada agrupación, que serán os traballadores e empresarios que sigan en idade ós membros da mesa. (Artigo 89 do decreto 8/2014)

O **PRESIDENTE DA MESA** será o patrón maior e o seu voto será dirimente en caso de empate. Designaranse suplentes ós vicepatróns. No caso de ausencia ou enfermidade do presidente, substituírao o primeiro suplente. En caso de que este tampouco compareza, substituirao o segundo suplente, e se este tampouco se persoa, tomará posesión o primeiro vocal. Os vogais que non se presenten ou tomen posesión como presidente serán substituídos polos suplentes.

No suposto de que algún membro da mesa electoral se presente como candidato, deberá renunciar a formar parte da mesa, e designarase o primeiro suplente no seu lugar. A aceptación da condición de membro da mesa implicará a renuncia a ser candidato.

A mesa constituirase o día da votación unha hora antes da apertura do colexio electoral. As súas funcións serán as recollidas no *artigo 90 do Decreto 8/2014*.

NON PODERÁ CONSTITUIRSE A MESA ELECTORAL sen a presenza do presidente e dous vogais e o secretario. No caso de que non se poida cumprir con este requisito, poderán formar parte da mesa algún dos electores que se atopen no local, sempre que non sexan candidatos.





A mesa electoral contará con dúas urnas, unha para a agrupación de empresarios e outra para a agrupación de traballadores.

O secretario da mesa electoral, que será o secretario dos órganos de goberno da confraría, velará polo control da legalidade durante o proceso electoral no día das eleccións e levantará as actas correspondentes ás votacións. Nos casos de enfermidade, ausencia ou vacante, será substituído por quen estea habilitado pola comisión electoral, dando conta deste cambio, no prazo de 24 horas, á Consellería do Mar.

NORMA 10ª. AS VOTACIÓNS

As votacións terán lugar o día **29 de Outubro do 2022**, data indicada no calendario electoral no local da confraría situado na Sala de Xuntas da Lonxa e durará desde as **10h00 horas ata as 14h00 horas**.

Reunida a mesa electoral, as votacións non poderán iniciarse sen que previamente se levante a oportuna acta de constitución da mesa, na que deberán constar os seus membros e a relación nominal dos interventores.

O dereito a votar acreditarase pola inscrición do elector no censo electoral. O voto será persoal, libre e secreto. Os electores depositarán o seu voto na urna correspondente mediante unha papeleta dobrada e introducida nun sobre.

Os electores deberán ir provistos para exercer o voto de DNI, pasaporte ou carné de conducir con foto, cando se trate de persoa física e a representación coa que intenta exercer o seu dereito, ademais, se trata dunha persoa xurídica.

Cada elector poderá dar o seu voto ó número máximo de vogais asignados no plan ao sector da produción da agrupación á que pertenza. Para isto deberá marcar cun x nas Caselas correspondentes.

A celebración das votacións seguirá o procedemento establecido no artigo 21 da Orde do 29 de Abril do 2014.





NORMA 11ª. O VOTO POR CORREO

1. Os/as electores/as que contén que na data prevista para a votación non se poden desprazar á mesa electoral constituída para exercer o seu dereito ao voto, poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:

- a) A persoa electora solicitará por escrito o seu dereito ao voto por correo á comisión electoral.
- b) A solicitude presentárase persoalmente, exhibindo o DNI ante o/a secretario/a da confraría quen a trasladará á comisión electoral.
- c) No o caso de enfermidade ou incapacidade que impida a presentación persoal da solicitude, poderá efectuarse mediante representante para o efecto, acreditando a súa identidade así como a representación mediante documento autenticado por notario.
- d) Recibida a solicitude, a comisión electoral comprobará a afiliación e realizará a correspondente anotación na sección do censo que corresponda.
- e) A comisión electoral enviará á persoa electora por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou no seu defecto ao que figure no censo.
- f) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do colectivo e sector de produción a que pertenza. Posteriormente, este sobre introdúcese dentro do que vai dirixido á mesa electoral, xunto coa fotocopia do DNI ou permiso equivalente.
- g) O/a secretario/a da comisión electoral custodiará esta documentación ata o día da votación.

2. O prazo de solicitude de voto por correo iníciase ao día seguinte da publicación do censo electoral definitivo e abrangue ata a data de proclamación provisional das candidaturas.

3. O prazo límite para que a comisión electoral reciba os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións.

NORMA 12ª. ESCRUTINIO

Rematado o período sinalado para a votación, o presidente da mesa electoral anunciará que vai rematar a mesma e preguntará se algún dos electores presentes non votou, admitíndose os votos que se dean a continuación e non permitíndose a ninguén máis a entrada no local. Acto seguido, o presidente da mesa electoral introducirá na urna os sobres que conteñan as papeletas remitidas por correo, logo de comprobación de que non exerceron o voto persoalmente. Finalmente votarán os membros da mesa, declarándose pechada a votación.

Declarada pechada a votación, comezará inmediatamente o escrutinio, cometido que corresponde exclusivamente á mesa electoral. O presidente procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta e unha a unha. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, **redactarase a**





oportuna acta, asinada por tódolos membros da mesa electoral.

Son **NULOS** os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados por cada confraría; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que, por calquera razón, non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida; aqueles votos en que se marquen máis nomes dos establecidos no plan electoral para cada colectivo e sector de produción ou inclúan o nome de persoas non candidatas. No caso de conter máis dunha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, para este caso se as candidaturas marcadas son diferentes deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas. (Art 22.2 Orde 29 de Abril 2014)

Consideraranse votos en **BRANCO** aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta e aqueles sobres que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca. (Art 22.3 Orde 29 de Abril 2014)

Na **ACTA** figurará obrigatoriamente os seguintes extremos:

- Número de electores inscritos no censo.
- Número de votos emitidos
- Votos declarados nulos, en branco e válidos
- Número de votos obtidos por cada candidato
- Membros natos das agrupacións sectoriais con indicación expresa do/a máis votado/a
- Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e escrutinio Polos candidatos /as e electores/as (artigo 22.5 e)
- Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas, cos votos particulares.

As actas correspondentes ao resultados das votacións serán remitidas polo/a secretario da mesa electoral á comisión electoral e á xunta electoral no prazo de 24 horas seguintes á realización estas (artigo 104.6 do Decreto 8/2014)

As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios de confraría durante dous días, e nese prazo poderanse presentar reclamacións ante a comisión electoral. Contra a resolución da comisión electoral, cabe recurso administrativo ante a xunta electoral (artigo 104.7 do Decreto 8/2014)

NORMA 13ª. PROCLAMACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA XERAL E CONSTITUCIÓN DA XUNTA XERAL

Segundo o calendario establecido, a comisión electoral proclamará provisionalmente os membros que formarán parte da xunta xeral e aos membros natos das xuntas directivas das agrupacións sectoriais (artigo 106.1 Decreto 8/2014)





Contra o acordo de proclamación efectuado pola comisión electoral, poderase interpoñer, no prazo de tres días, recurso ante **a xunta electoral**, que resolverá nun prazo de cinco días.

Os membros electos das candidaturas para vogal da xunta xeral **tomarán posesión dos seus cargos na súa sesión constitutiva**, que terá lugar na sede da confraría no prazo MÁXIMO de cinco días desde a súa proclamación definitiva. *(artigo 107 do decreto 8/2014)*

NORMA 14ª.- ELECCIÓN DO PATRÓN MAIOR, VICEPATRÓN MAIOR PRIMEIRO E SEGUNDO E VOGAIS DO CABIDO

Na sesión constitutiva da xunta xeral, a mesa electoral será a mesma que a constituída para a elección de vogais da xunta xeral.

Os membros da xunta xeral elixirán, por maioría simple en primeira volta, Ó PATRÓN MAIOR entre os candidatos presentados. No caso de empate, repetíranse as votacións en segunda volta; de manterse aquel, resolveranse a favor do de maior antigüidade na confraría, e no caso de persistir o empate, a favor do de maior idade.

Elixido o patrón/patroa maior, o/a primeiro/a suplente do colectivo e sector á que pertenza o patron/a maior entrará a formar parte da xunta xeral. A continuación, e no mesmo acto, a xunta xeral elixirá de entre os seus membros ós vicepatróns maiores primeiro e segundo e ós vogais do cabido, respectando a paridade e proporcionalidade que se estableceu para a xunta xeral. *(artigo 109.3 do decreto 8/2014)*

Rematadas as eleccións a patrón/patroa maior, vicepatróns/vicepatroas e vogais do cabido, o/a secretario/a da mesa levantará a acta correspondente, que se expoñerá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da confraría. Contra a resolución da comisión electoral caberá interpoñer recurso administrativo ante a xunta electoral no prazo de tres días, a cal resolverá nos cinco días seguintes. *(artigo 109.4 do decreto 8/2014)*

Finalizado o prazo de reclamacións, recursos e da súa resolución, a comisión electoral procederá á proclamación definitiva dos cargos de patrón/patroa maior, vicepatróns/vicepatroas maiores e vogais do cabido. *(artigo 109.5 do decreto 8/2014)*



**NORMA 15ª.- TOMA DE POSESIÓN**

1. Logo da proclamación definitiva dos cargos de patrón/patroa maior, vicepatróns/vicepatroas maiores primeiro/a e segundo/a e vogais do cabido, procederase á toma de posesión destes nos seus cargos.
2. Con anterioridade ao acto de toma de posesión o cabido saínte poñerá a disposición do cabido entrante os libros de actas da confraría, así como os estados financeiros da confraría e a liquidación do orzamento con referencia á data da convocatoria do proceso electoral.
3. 3. O/A secretario/a da comisión electoral levantará acta da toma de posesión dos membros dos órganos reitores comprendidos neste artigo, así como da súa constitución e remitiraa no prazo de dous días á xunta electoral.

NORMA 16ª.- DISOLUCIÓN DA COMISIÓN ELECTORAL.

Unha vez constituídos todos os órganos reitores da confraría entenderanse disoltas a comisión e a mesa electoral. O/A seu/súa secretario/a levantará acta deste feito, asinada polo presidente/a e secretario/a, na cal constará a data de disolución, e remitiraa no prazo de dous días á xunta electoral.

(artigo 111 decreto 8/2014)

NORMA 17ª.- DISPOSICIÓNS FINAIS.

No non previsto a efectos electorais nas disposicións legais e nas presentes normas para o desenvolvemento do plan electoral, estarase ó que decida a comisión ou mesa electoral, segundo competencias.

As normas, plan, calendario e cantas modificacións se fagan, deberán estar expostas ó público durante todo o proceso electoral. O presente plan electoral coa súa folla anexa, será sometido á comisión electoral para a súa aprobación e ratificación.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada á reunión, estendéndose a presente acta, que asinan tódolos asistentes en proba de conformidade, do que eu, o seu secretario, certifico.

Muxía, a 13 de Setembro do 2022

DILIXENCIA:

As normas, o plan e o calendario electoral, que regularán as eleccións da Confraría de Pescadores Muxía e foi elaborado pola comisión electoral e ratificado pola mesma.

Certifico, o secretario.

